




Voces do mundo

Biblioteca CEIP San Francisco Xabier

Xaneiro 2008

*Poetas, nunca cantemos
la vida de un mismo pueblo,
ni la flor de un solo huerto.
Que sean todos los pueblos
y todos los huertos nuestros.*

León Felipe




EL JARDÍN DE BABAÏ

Babaï é un pequeno año que un bo día decide facer un xardín no medio do deserto, en Irán. Este conto pódese ler empezando polo principio ou facelo ao revés, en dúas linguas distintas: castelán e persa. Será outra forma de ver a historia.

EL EXTRANJERO

A nena deste relato veu do "extranxeiro", un lugar no que se falaba outra lingua e onde vivía unha muller que a levou na barriga pero non se poido ocupar dela. Por iso súa nai foina buscar e tróuxoa con ela. Xuntas, nai e filla, falan de todo isto e descubren o moito que significan a unha para a outra.



ME LLAMO YOON




Me llamo Yoon

Helen Recorvits • Ilustraciones de Gabi Swiatkowska
Juventud

Yoon significa "sabiduría resplandecente". Así se chama a nena protagonista desta historia. Unha nena que ven de Corea e se ve obrigada a aprender novas formas de falar e novas formas de escribir.

A aventura de tantos e tantas nenos e nenas que chegan doutros lugares do mundo e séntense envoltos na conquista dunha cultura distinta á súa; no descubrimento dunha forma diferente de interpretar o mundo.

AS VOCES DOS ANIMAIS




O CANTO DO GRILO

Un pequeno grilo quere contestar ao saúdo que lle dá a langosta co seu asubío, a chicharra co seu canto, o moscardón co seu zumbido... máis nada, non lle sae a voz. De súpeto descobre preto del a unha pequena grila e daquela a súa voz xurde ao frotar as ás, cunha fermosa canción.

CANDO A VOZ É O SILENZO

PALABRAS DE CARAMELO

O neno protagonista desta historia, Kori, non escoita as voces, é xordo.




Vive nun campamento de refuxiados saharais. Cando aprende a escribir e descobre que a través da escritura se pode comunicar, sente unha inmensa felicidade e comeza a plasmar a fermosa relación que ten cun camelo, de cor canela. Un libro dun autor ben coñecido por nós: Gonzalo Moure




KIRIKÚ é un pequeno heroe africano que vive extraordinarias aventuras

DOUS TÍTULOS CON KIRIKÚ DE PROTAGONISTA, dous libros-CD, contados polo avó

" Voy a contaros la más bella historia de una persona a la que quiero mucho : mi nieto Kirikú."




Así comeza o primeiro dos libros "Kirikú y la bruja", que continúa con "Kirikú y las bestias salvajes". A través destes relatos imos descubriendo acompañados pola voz do avó como o noso heroe se enfrenta a grandes perigos para salvar ao seu pobo; como vai buscando no seu interior a forza, o valor e a xenerosidade necesarios para que o benvenza sobre o mal.



KIRIKÚ Y LA BRUJA

KIRIKÚ Y LAS BESTIAS SALVAJES

PARA VER, ESCOITAR, XOGAR E CANTAR ...



CANCIONCILLAS DEL JARDÍN DEL EDÉN

Este fermoso libro inclúe un CD con cancións infantís tradicionais de tódalas comunidades xudeas.

Cancións que nenos e nenas escoitan nos seus primeiros anos e que son máis que un simple xogo. Son unha forma de transmisión de saberes, de lembranzas e de afectos.

Cancións con letras e melodías moi sinxelas que poñen aos nenos en estreito contacto coa lingua e a cultura dos seus maiores.

As letras están no seu idioma original e traducidas ao castelán.

هدا لسرق الجاجة

وهذا لخباها

hadā li sraq ljāja

وهذا لقلاما

Éste ha robado una gallina,

وهذا لكلاما

ū hadā likhabbāhā

éste la ha escondido,

وهذا اللي قال :

ū hadā liqlāhā

éste la ha asado,

«أعطيتوني شويًا

ū hadā liklāhā

éste la ha comido

ولأ نقول لمولاه.»

ū hadā liqāl :

y éste ha dicho:

- a'ṭjuni chuiyyā

—Dadme un poco


ūalla nqūl lmūlehā

o al dueño se lo digo.

Túnez - CD 6


A LA SOMBRA DEL OLIVO

Outra interesantísima recopilación, tamén acompañada dun CD, de cancións de berce, cancións para xogar co corpo, retahílas, xogos de rimas... de tódolos países do Magreb. Unha invitación a recuperar o pracer de xogar, contar e cantar entre pequenos e grandes



LAS CUATRO ESQUINITAS

Catro relatos nesta edición bilingüe en catalán e castelán. Catro relatos para lles contar aos máis pequenos: *La gata que quería dormir a un búho*, *Yo también*, *Soy un pez* e *Mi madre es un canguro*.



SEMILLAS AL VIENTO

Este volume recolle 30 contos de tradición oral de diferentes lugares do mundo. A selección e a narración son obra de Tim Bowley, coñecido contacontos inglés.

Calquera lector, sexa neno ou adulto, se atopará identificado con cada unha das historias relatadas, pois todas elas falan do máis fondo da condición humana. Isto fai que, teñan a orixe que teñan, pertezan a todos, pois son historias esencialmente universais.


MITOS, CUENTOS Y LEYENDAS DE LOS CINCO CONTINENTES



32 relatos nados en diferentes pobos do mundo que explican a creación do mundo, do ceo, da terra, dos mares, da vida e da morte. Historias fantásticas e cheas de poesía.

25 CUENTOS POPULARES DE EUROPA

Estes 25 contos, todos diferentes pero con moitas piceladas comúns, achégannos aos países que con nós conforman Europa. Unha edición moi coidada e con fermosas ilustracións.



A asamblea xeral da ONU recoñecendo que un verdadeiro multilingüismo promove a unidade na diversidade e o entendemento internacional decidiu declarar o 2008 **Ano Internacional das Linguas**